

MTI - 10

*Così tra questa
immensità s'annega il pensier mio:
e il naufragar m'è dolce in questo mare.*

Giacomo Leopardi

INASÍBEL

Coas patas chantadas na pedra
- superficie das marcas tecidas na
forma dos mapas, un alfabeto
indescifrable -
áinda mollada polo boureo do mar,
pola onda que se ergueu ata a súa
fronteira,
empurrada
desde o más fondo.

Confundo o azul e o verde da auga
transparente.

Na procura dos peixes intervén o brillo,
ese que só nos está permitido cando o
sol queima na superficie.

Póusase
cunha delicadeza tan efímera que o
conxunto da realización semella
profano, banal.

Coas cores xa na boca descende
cara o interior dos ollos da Terra,
coa forza dun asteroide, e atrapa
a ansiada presa
como flor da paixón ofrecida por Afrodita.

- Ás veces sosteñó a respiración só por reter
o instante. -

E despois ven o ascenso
que, se cadra, é un impulso aínda
máis intenso, como os golpes nos
abdominais no límite do afogo.

Toma aire,
igual que os nenos ao nacer, unha
primeira vez.

Coas carreiras das bágoas entre as plumas,
coas espiñas pendendo da boca e o
peteiro como un acantilado para a
auga, perdendo
gota a
gota.

Atendendo á caza da garza branca pregúntome
polo momento no que esquecimos
o significado da elegancia.

Do que é sinxelo e ben proporcionado.